

RESOLUCIÓN REITORAL DO 6 DE NOVIEMBRE DE 2023 POLA QUE SE RESOLVE O XIX CERTAME DE FOTOGRAFÍA CONVOCADO POLA UNIVERSIDADE DE VIGO

De conformidade co establecido nas bases da resolución reitoral do 23 de maio de 2023 pola que se convocou o XIX premio de fotografía da Universidade de Vigo e visto o fallo realizado polo Xurado constituído validamente o 20 de outubro de 2023, en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e os Estatutos da Universidade de Vigo, esta reitoría RESOLVE:

Outorgar os XIX premios de fotografía ás persoas que se relacionan:

Modalidade Fotografía Serie

1º Premio para Carolina Bouza Calvo pola obra “NATURA CON NATURA”

2º Premio para Lidia Amado Rodríguez pola obra “ANÓMALO”

Modalidade Fotografía Única

1º Premio para Miguel López Rodríguez pola obra “A AMANTE SEN BICO”

2º Premio para Marco Pazos Pazo pola obra “VELAREI POR TI, VELAREI POR MIN”

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte a súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte, da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor,

Por delegación R.R. do 22/06/2022 (D.O.G. do 6 de xullo)

A vicerreitora de Extensión Universitaria

Susana Reboreda Morillo

